

**RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 29 DE DECEMBRO DE 2021.**

**Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

1. Ratificación da urxencia.

2. Dación de conta da proposta de desestimación da reclamación presentada por Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obrera (USO) e aprobación definitiva do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2022.

3. Proposta de desestimación da reclamación presentada por Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obrera (USO) e aprobación definitiva do Orzamento Xeral da Deputación Provincial para o exercicio 2022 e das súas Bases de Execución.

**1.- Ratificación da urxencia.**

O Pleno ratifica a urxencia.

**2.- Dación de conta da proposta de desestimación da reclamación presentada por Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obrera (USO) e aprobación definitiva do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2022.**

Dáse conta da proposta de desestimación da reclamación presentada por Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obrera (USO) e aprobación definitiva do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2022.

**3.- Proposta de desestimación da reclamación presentada por Lourdes Pedrazuela Bea, en representación da Unión Sindical Obrera (USO) e aprobación definitiva do Orzamento Xeral da Deputación Provincial para o exercicio 2022 e das súas Bases de Execución.**

- 1) Desestimar as alegacións contidas no escrito de reclamación presentado pola Federación Atención a la Ciudadanía. Unión Sindical Obrera (USO).
- 2) Aprobar definitivamente o Orzamento Provincial para o exercicio 2022 e as Bases para a súa execución.
- 3) Dispor a publicación do resumo por Capítulos do Orzamento Provincial para o exercicio 2022 no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, conforme ao establecido no artigo 20.5 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- 4) Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.